



BANDO

MEDIDAS COVID-19

DAVID BARBEIRA GARCÍA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTA COMBA, FAI SABER:

A toda a veciñanza do Concello de Santa Comba que segundo datos facilitados polas autoridades sanitarias, neste momento, son 39 os casos positivos por Coronavirus COVID-19, aínda que existen probas PCR pendentes de resultados.

A Xunta de Galicia, diante do aumento de casos de infección polo coronavirus COVID-19, publicará nas próximas horas novas medidas restritivas no Diario Oficial de Galicia que afectarán ao Concello de Santa Comba e que entrarán en vigor con carácter inmediato.

Por outra parte o concello de Santa Comba advirte a cidadanía sobre os seguintes puntos:

1. Suspender a Feira municipal de Santa Comba ata novo aviso.
2. Retrasar o comenzo do curso escolar 2020-2021 da Escola Infantil Municipal ata novo aviso.
- 3.- Seguirase coa desinfección de rúas de xeito graduado.

O concello de Santa Comba tamén quere recordar a todos os seus veciños e veciñas que é imprescindible seguir as recomendacións das autoridades sanitarias para previr a transmisión do coronavirus:

Usar máscara seguindo as recomendacións sanitarias é obrigatorio en tódalas circunstancias.

Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón ou solución hidroalcohólica.

Manter unha distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.

Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca, ao tusir ou esberrar, cubrir a boca co cóbado flexionado ou cun pano desbotable, tirándoo despois a unha papeleira.

Con síntomas (febre, tose, dor de cabeza, perda de olfacto e gusto, diarrea, etc.) quedar na casa e contactar telefonicamente co seu/súa médico de Atención Primaria.

Prohibición de fumar e vapear na vía pública ou en espazo ao aire libre cando non se poida respetar unha distancia mínima interpersoal de 1,5 metros.

Para máis información: www.coronavirus.sergas.gal

Santa Comba, 2 de setembro de 2020

O Alcalde,

Asdo.: David Barbeira García